




A pesar dos meus esforzos moitas rodas foron irrecuperábeis, xa que quedaron nas zonas onde estes homes traballaron. Outras, por

razóns sentimentais, aínda están nas mans das súas familias.

Eu fíxenme coa primeira hai dez anos, alá polo oitenta e sete, e desde aquela teño recuperado sobre cen rodas de afiar, todas elas distintas. Cada roda é unha historia, é unha vida, é un camiño. Todas teñen algo que contar, anécdotas, contos e sobre todo, traballo e traballo.




Propiedade: Florentino Alba.
Lugar de orixe: Bexe-San Xoán de Río-Ourense.
Traballou en: Cornellá de Llobregat, Hospitalet.

Traballou desde a década dos 40. É unha roda urbana, moi pesada, que apenas se movía dun barrio. Tiña unha clientela fixa. Conserva a licenza que o concello de Barcelona esixía aos afiadores que querían traballar na cidade.

II

Cada vez que consigues unha roda encóntraste con unha nova experiencia, unha nova historia e un novo tema. Nengunha é igual. É unha vida enteira, e a obra plástica ten que expresar sentimentos, realidade e o máximo que se lle poda engadir.

Tiven que aprender a comprar as rodas. O afiador era unha persoa que negociaba todo, o afiado dun



Propiedade:
Gerardo Fernández González.
Lugar de orixe: Paredes-Montederramo-Ourense.
Traballou en: Navarra, Guipuzkoa e varias vilas francesas perto da fronteira.


Este afiador nos meses de inverno, exercía de cesteiro cando estaba na súa casa.

**"-¿Vendes a roda Pepe?
-Hoxe esas cousas
cúbrense de billetes".**



Propiedade:
Marcial Álvarez.
Lugar de orixe: Navea-Póvoa
de Trives-Ourense.
Traballou en: Barcelona.

Este afiador era un home moi pequeno. El mesmo diseñou esta bicicleta e fixéronlla á súa medida. Traballou nas décadas dos 40, 50, 60 ...



coitelo, o arranxo dun paragüas... e así tamén negociaban a venda da súa roda. Un veciño dun afiador díxome que tiña unha roda tirada na horta e que non miraba para ela. Pensando que seguramente ma daría, chegueime xunto el preguntando se ma vendía e a súa resposta foi: *“hoxe esas cousas cúbrense de billetes”*. Outro díxome que a súa irmá tamén tiña unha roda, que fora xunto ela. Cando falo con ela da

roda respóstame: *“Mira, con esta rodiña, fixo meu pai esta casiña, ¡como cha vou vender!”*. Cando vexo que a xente lle ten ese cariño ás rodas de afiar tamén me poño contento porque me dou conta de que aínda hai máis xente que aprecia o traballo e a persoa do afiador. De tódolos xeitos, a maioría das veces, estas mesmas persoas caen nunha contradicción xa que non


“Mira, con esta rodiña, fixo meu pai esta casiña, ¡como cha vou vender!”

Propiedade: David Diéguez Rodríguez.
Lugar de orixe: Pedrouzos-Castro Caldelas-Ourense.
Traballou en: Navarra.

D. David traballou con esta roda nas décadas dos 20 e 30. Despois deixoulla ao seu fillo Amadeo, que traballou nas décadas seguintes no mesmo lugar que seu pai, e seguramente coa mesma clientela.

Cando me vendeu a roda estaba a súa muller presente.


“– Se ven os teus pais que vendes a roda.
– Deixa aos mortos tranquilos”.





coincide o lugar onde teñen nese momento a roda co valor que lle están a dar.

Así funme metendo no mundo dos anticuarios, poñendo en contacto con certa



*Propiedade: Luís Núñez.
Lugar de orixe: Fonteita-Chandrexa de
Queixa-Ourense.
Traballou en: A Ríoxa.*

Roda moi vella. O señor Luís Núñez comprálla ao señor Aurelio de Acebedo no ano 1920. Vai equipada con un escaparate con navallas de afeitarse, "barberas". Este home era dos chamados "baciadores".

**Nalgunhas rodas
anunciábase...
"Se afila de todo
por delicado
que sea".**

xente que tivo relación con afiadores, taxistas que percorrían comarcas preguntando por persoas que tivesen unha roda. Fora de Galiza falei con pousadeiros onde paraban os afiadores, ou mesmo clientes que lles gardaban as rodas dunha "volta" (tempada) para a outra.

Moitas veces dicíanme que ma vendían pero despois de falar coa familia cambiaba o conto e xa era que non. Algunha vez a roda estaba na casa duns veciños como unha ferramenta máis e tivenlla que cambiar por un esmeril eléctrico. Cando a

roda quedara nunha pousada esperando a tempada seguinte que xa nunca chegaba porque o afiador se xubilara, a pousadeira non quería vender a roda a menos que lle levase un papel asinado polo afiador onde estivese claro que el quería vender a roda.

De tódolos xeitos, moitos afiadores traballaran con ela toda a súa vida e como é lóxico tíñanlle un cariño especial. Moitas rodas incluso foran dos seus pais e á hora de se desfaceren delas pesáballes a historia, os recordos e os sentimentos que aquela roda lles transmitía.

O que si é certo é que comecei nun tempo bastante oportuno, xa que a profesión de afiador estaba a decaer e ao mesmo tempo deixábase a antiga roda ambulante. Xa non se afiaba tanto como antes porque perdérase ese costume de reparar todo e de conservalo e aproveitalo até o último momento. Así os afiadores estaban deixando a súa máquina de traballo de lado, como xa dixen incluso fora da súa propia casa.

Moitos non ma quixeron vender a min e despois déronlla a calquera outro por catro cadelas. Así xustificábase ante a familia dicindo que aquilo non valía para nada, sen embargo, se lla vendesen a alguén da cidade ou coñecido acusaríanlo de parvo ou de deixarse enganar.



Outros, cando falan co meu intermediario xa lle preguntan para que a quere, tendo que dar unha explicación. Hai tamén quen me dixo que ma vendía, a pesares de ser un recordo do pai, pero que ma vendería cara. Despois sempre queda arrepenrido por pensar que ma vendeu barata. Nun povo comprei xa hai anos unha roda por máis de cen mil pesetas e agora non se conseguen máis por menos dese diñeiro.

Esto tamén é bon porque valoras o que tes e fas valorar aos propietarios das rodas esa ferramenta que teñen na casa, sen pensar nela, nen o que representan, até que chega alguén que se interesa e entón dánse conta de que esa roda, esa historia, esa vida ten interés.


Máis adiante mentaliceime de que se non era eu quen recollese todo este patrimonio cultural, chegaría un momento que desaparecería para sempre, porque as institucións nunca se preocuparon.

O afiador, sendo unha profesión tan deficiente, humillante, desprestixia-

da, serviu para dar a coñecer Galiza, xa que tiveron unha influencia tan grande que fora do noso país foron auténticos embaixadores. Hoxe, afiadores de Portugal, xitanos, ou de outros lados din que son netos de galegos (o seu aspecto delátalos), como garantía de poderen facer un bon traballo.

III

Teño setenta rodas, a maioría feitas nos talle-




*Propiedade: Eladio Martínez González.
Lugar de orixe: Carballo-Fitoiro-Chandrexa de Queixa-Ourense.
Traballou en: Guadalajara, Zaragoza, Soria.*

*Cando me venderon esta roda, o afiador díxome:
"É un recordo do pai... non digas nada".*

*Propiedade: Manuel López.
Lugar de orixe: Acibeiro-San Xoán de Río-Ourense.*

Roda cun sistema de pedal distinto ao das outras rodas. Foi deseñado polo mesmo afiador. Descoñécese a época e os lugares polos que traballou.






res de Liñares no concello de Nogueira de Ramuín, vinte e dúas bicicletas e dúas motocicletas. Houbo un home ao que lle merquei a roda, a bicicleta e a motocicleta. (Aínda queda Manuel Rodríguez

Álvarez en Liñares facendo rodas. En Esgos adaptaban as rodas ás bicicletas).


A primeira roda foi a que tiña meu avó na casa para afiar e a segunda foi a dun veciño da comarca. A roda máis vella que teño é de San Xoán de Río. Non teño a certeza de quen foi o seu derradeiro dono, pero sei que pertenceu a unha familia de afiadores desta parroquia.

A maioría dos afiadores mercaban as rodas nos talleres. O principal, como xa dixen era o de Liñares. Houbo algún que chegou a facer el mesmo a súa roda, de coucheiro, que resisten mellor as inclemencias do tempo e son máis lixeiras. Outras pasaron de pais a fillos. Algún tiña varias e deixáballas aos fillos do mesmo xeito que se traspasa un negocio. En Barcelona houbo algún afiador que deixando a roda alá durante os meses do verán nos que voltaba para a casa, decidiu non regresar, e traspasoulla a outro afiador que aínda non tiña roda e quería



Propiedade: José Rodríguez.
Lugar de orixe: Cerdeira-San Xoán de Río-Ourense.
Traballou en: Cerdeira.

Roda para afiar na casa as ferramentas do campo, non se sacaba á rúa.



Propiedade: Antonio Pérez Basalo.
Lugar de orixe: Cerdeira-San Xoán de Río-Ourense.
Traballou en: Barcelona.

Saiu de Cerdeira no ano vinte, cado tiña dezasete anos. Foi camiñando e afiando ao mesmo tempo. Cando chegou a Barcelona levaba gañadas mil pesetas e comprou un reloxo que hoxe inda ten seu fillo.




comezar o oficio.

Onde teño conseguido máis rodas é aquí, en Ourense. En San Xoán de Río, en Chandrexa de Queixa, en Póvoa de Trives... En Esgos tamén me teño feito con algunha, pero as menos. Nesta zona deixábanas abandonas nos lugares onde traballaban, moitos en Portugal e en Castilla. Fora de Galiza tamén teño recuperado algunhas, pero todas elas por medio de anticuarios, de intermediarios ou de algún antigo afiador que me dera referencia do lugar onde a deixara. As que se conseguen por medio dun anticuario son máis complicadas de identificar. Teño varias rodas localizadas. En Huesca sei de dúas e unha máis en Logroño.

Cando me fago cunha roda teño que restaurala un pouco. Antes pintábasas da mesma cor que tiñan, pero agora prefiro deixalas como están. Trátoas contra a polilla e pouco máis. O que si tento facer é acoplarlle a ferramenta que acostumaba levar o afiador para facer o seu traballo e todo o necesario para pasar catro, cinco ou seis meses fora da casa. Por exemplo a manta de durmir ou saca, onde ao chegaren á pousada metían palla trillada para durmiren. Cada roda tento equipala co máis significativo. Se o afiador, era ademais capador, pónolle a ferramenta axeitada. Outros tamén

andaban coa quincalla, ou arranxaban louza. Algún tiña un pequeno comercio e acoploulle un “escapate” á súa roda.

Cada roda ten a súa ficha onde especifico onde, cando e a quen lla merquei. De quen foi, onde traballou e todo dato ou anecdotas que poida dar idea da historia que viviu esa roda. Como xa dixer, unha roda non é só unha ferramenta. Leva detrás un home tirando dela. Moitos quilómetros e povos recorridos. Ten falado con moita xente e afiado moita ferramenta. Unha roda tamén ten a súa vida. Nas rodas anunciábase a especialidade do afiador. “Se afila de todo por delicado que sea”. Outros presumían de saberen afiar moi ben as navallas dos barbeiros e entón xa non se chamaban afiadores. Na súa



*Propiedade: Señor Miguel.
Lugar de orixe: Chavianciños-Chandrexa de
Queixa-Ourense.
Traballou en: Burgos.*

*Esta roda, na súa orixe levábase ao lombo.
O mesmo afiador fixo a reforma para poder rodar
con ela.*


**“Esta roda
sacou a fame
da casa”.**



roda escribían: “ Baciador”. Un afiador que se gababa de afiar moi ben dicía que “afiaba bisturís”. Algún que outro non podía voltar onde traballaba. Destrozaba todo o que tocaba.

En Barcelona tiñan regulada a industria dos afiadores. Obrigábanos a pagar unha taxa para poderen traballar na cidade. Púñanlles unha licenza na roda que tiñan que renovar anualmente. Moitas rodas aínda a

conservan. Había afiadores que non querían pagar esa taxa e cando os collían os guardias requisábanlles as rodas, igual que fai hoxe a grúa con un coche mal aparcado. Se o afiador quería recuperar a roda debía pagar a multa correspondente e a taxa para traballar na cidade ou ben a b a n d o n a l a . Moitos foron os que por non pagar a multa deixaron a súa roda e regresaron para a súa casa. Así se



*Propiedade: Isauro Álvarez.
Lugar de orixe: Chaveanciños-Chandrexa de Queixa-Ourense.
Traballou en: Palencia, Burgos, Valladolid.*

D. Isauro Álvarez traballou desde a década dos 40 até primeiros dos 90. Primeiro con roda e finalmente con esta bicicleta.

“Quen me dera os cartos xuntos que gañei con ela”.

**“Mentras viva meu vello nada”,
(non cha vendo).**

Había quen empregaba a roda como unha tapadeira para adicarse a outro oficio no que necesitaba licenza. Era o caso dos capadores. Tamén afiaban se se lles presentaba a ocasión, inda que o seu traballo non quedase tan ben.

teñen perdido moitas rodas.

Outro día comprei unha roda. Xa tiña todo apalabrado e no momento no que a ía recoller o home dime que a pedra non entra no trato. Eu collín un grande enfado porque coa



roda sempre vai a pedra. O home fíxome subir á súa casa. “Sube que falamos e comemos algo”. Deixei a pedra por mil pesetas, pero a roda leveina. Ao final pesoume. Como se ve, os afiadores gostan de falar e de negociar todo.

Hoxe aínda se fan rodas, pero son rodas destinadas á decoración. Estas rodas non teñen historia, non teñen vida. Para min non teñen valor.

IV


Cando levo algún afiador a ver a miña colección de rodas de afiar, vexo como lle brillan os ollos recordando a súa xuventude. Vóltanlle aquelas sensacións de cando ían almorzar en Valencia e deixaban na entrada da taberna quince rodas, ou vinte en Lisboa á hora do xantar, como me contaba outro afiador de Esgos.

Eu xa sinto paixón, pero todo o mundo, cando ve unha roda sente algo especial. A última escultura que vendín estaba exposta en Ponferrada. Era un afiador con unha das primeiras rodas, das que se levaban ao lombo. A xente dicía mil cousas diferentes ante esa roda, unhas con máis razón, outras con menos, pero a todos lles facía sentir algo. O afiador sempre formou parte da xente do povo, estivo pre-

sente na nosa sociedade. Penso que o mellor sitio para unha roda é un museo. O museo da roda. O museo do afiador.

Quero contar outra anécdota que penso dignifica e fai xustiza ao afiador. En certa ocasión, unha monxa achegouse a un taller de afiar en Salamanca. Polo traballo, o afiador pedíulle seicentas pesetas, cousa que lle pareceu caro á monxa. O home respostoulle: *“mire madre,*

“Esta roda salvoume a vida”




Propiedade: José Rodríguez.
Lugar de orixe: Valdemotos-Parada do Sil-Ourense.
Traballou en: Toda provincia de Zamora.

D. José deixou a súa mellor roda nunha pousada de Póvoa de Sanabria pensando en recuperala, cousa que nunca fixo.



que lle fagan ben este traballo só hai dous sitios en Salamanca, outro taller e este, e mire que en Salamanca hai médicos e advogados e doutores". A monxa pagou e marchou contenta.

"Con esta roda cantei e chorei"



Propiedade: Luis Álvarez.

*Lugar de orixe: Xunqueado-San Xoán de Río-Ourense.
Traballou en: Valladolid, Tordesillas, Medina del Campo.*

*Con esta roda, Luis Álvarez traballou na década dos anos 50. Ademais de afiar, levaba un pequeno comercio na mesma roda vendendo coitelos.
Despois seguiu cunha bicicleta.*

"Se a queren os netos non a venden por un millón de pesetas"

A muller do afiador

Non quero, nen debo, esquecer a figura da muller do afiador. Esa persoa que quedaba ao fronte da casa, responsábel dos fillos, da facenda, do campo,... e como non, dos vellos, patriarcas e figuras respectadas no fogar.

Desde o momento da partida do seu home, esas nais, fillas, esposas e amas contaban os días que faltaban para o regreso do afiador. Nesa ausencia, encargábanse de levar as contas da casa, cobizando o retorno do compañeiro cos cartos para mercar na puxa de eidos ou para saldar antigas e novas deudas.


Era, quizais, esta esperanza dos que quedaban no lar a que facía que os propios afiadores viviran practicamente na miseria mentres traballaban fora. Necesitaban xustificar a súa ausencia. Os aforros tiñan que chegar á casa.

Queda, pois, patente a importancia do papel da muller dun afiador. Asumía o seu posto de matriarca, eso sen esquecer que o home seguía mandando, aínda que ela era a que tomaba a última decisión. Non podemos perder de vista a época da que falamos (desde principios de século até máis ou menos tres décadas).



Esta situación non era exclusiva das donas de afiadores. Podémola extrapolar ao resto das mulleres que quedaban en tódolos rincóns de Galiza, esperando polos homes que emigraban en busca do pan.

Nembargantes, non todas as esposas de afiadores quedaron na casa. Algunhas acompañaron ós seus maridos, traballando na sombra, incluso afiando por eles no interior dos talleres ou “cuchellerías”, evidentemente sen seren vistas, e sempre nun segundo plano. De feito nunca se coñeceu o caso de afiadoras ambulantes.




Propiedade: Claudio Menor Cid.
Lugar de orixe: Vacariza-Pereiro de Aguiar-Ourense.
Traballou en: Desde Xinzo até Póvoa de Sanabria, Zamora.

Esta roda traballou polas décadas dos 40, 50, 60. É unha roda preparada para poder ser desmontada e embalada en tren ou barco.

Propiedade: Juan Pérez Pérez.
Lugar de orixe: Reboledo-San Xoán de Río-Ourense.
Traballou en: Brasil.

Este afiador alternou o seu oficio co de capador en Cuenca e Guadalajara.





MARTA FIERRO OSORIO

1976. Estudiante de Economía.
Membro do grupo CASTRO FLOXO
e do seu equipo de investigación.